

“TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE”

7 DE JUNIO DE 2025 



ORGANIZA:



GALLAECIA RAID

COLABORAN:



Concello de
CULLEREDO



Deputación
DA CORUÑA



BOLETÍN 2

GOZA DO MONTE CON DÚAS PROBAS:

LONGA DISTANCIA POLA MAÑÁN

CAMPIONATO SPRINT XUNTA DE GALICIA POLA TARDE

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

DESCRICIÓN

DATOS TÉCNICOS

CATEGORIAS

PREMIOS

CRONOMETRAXE

MAPA E TRAZADOS

REGULAMENTO

INSCRICIÓN

ORGANIZACIÓN

MEDIO AMBIENTE

COLABORACIÓN E PATROCINADORES



PRESENTACIÓN

O **TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE 2025** é un evento organizado polo Club Gallaecia Raid que consta de dúas probas que forman parte da liga Galega de Orientación en bicicleta – MTBO 2025, unha delas é ademais Campionato Xunta de Galicia da especialidade.

A proba celebrarase o sábado **7 de xuño de 2025**, en horario de mañá e tarde e discorrerá por sendeiros e pistas de Covas, Esmelle, Pedrouzo e Mougá, sempre dentro do concello de **Ferrol**.




DESCRICIÓN

O **TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE 2025** consta de dúas carreiras con base de orientación a realizar en bicicleta de montaña, na que o percorrido é segredo para os participantes, os cales só coñecerán devandito percorrido cando se lles entreguen os mapas, no momento da saída.

Está expresamente prohibida a progresión fóra dos camiños representados no mapa e autorizados para o efecto mediante símbolos coñecidos por todos os participantes. Nestes eventos, os participantes comezan de forma graduada, compiten individualmente e non se permiten progresións en grupo nin seguimentos.

Está prevista a instalación do centro de competición no aparcadoiro da praia de Esmelle. Alí estará situada a Secretaría da carreira e o punto de pre-saída, de onde os participantes sairán xa equipados á hora asignada para realizar a súa carreira. Ata entón, está prohibido o desprazamento pola zona de competición.



<https://maps.app.goo.gl/Zvd5pbFURnAkLm6GA>

Programa da competición:


- 09:00 Apertura do centro de competición.
- 10:00: Inicio de saídas carreira longa.
- 14:00: Chegada do último participante da carreira longa e recollida de balizas.
- 16:00: Inicio de saídas carreira sprint.
- 18:00: Chegada do último participante da carreira sprint e recollida de balizas.
- 19:00: Entrega de trofeos.



O **TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE** consta de dúas probas. A carreira da mañá é unha proba de longa distancia, na que cada competidor empregará entre 70 e 120 minutos en completar o percorrido e para a que o tempo efectivo da proba, entre a saída do primeiro competidor e a chegada do último en saír, estímase nunhas 4 horas. O horario inicialmente previsto é de 10:00 a 14:00 horas. A carreira discorrerá polo val de Esmelle, Pedrouzo e Mougá.

A carreira da tarde é unha proba tipo sprint, na que cada competidor empregará entre 15 e 35 minutos en completar o percorrido. O tempo efectivo da proba estímase nunhas 2 horas, dende as 16:00 horas ata as 18:00 h. Esta carreira, ademais de puntuable para a Liga Galega de Orientación en Bicicleta - MTBO 2025, será Campionato Xunta de Galicia de MTBO Sprint. A carreira discorrerá polos arredores de Covas e Covarradeiras.

A zoa imaxe mostra a área da competición e declárase en corentena para os participantes nas carreiras. Non se poderá adestrar nela dende a publicación deste boletín ata despois da competición.



CATEGORIAS

Poderase participar no **TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE 2025** nas seguintes categorías:

CATEGORÍAS OFICIAIS:

- M-15, F-15: nados en 2010 ou posteriores.
- M-17, F-17: nados en 2008 ou posteriores.
- M-20, F-20: nados en 2005 ou posteriores.
- E, F-E: categorías absolutas, sen límite de idade.
- M-21, F-21: sen límite de idade.
- M-40, F-40: nados en 1985 ou anteriores.
- M-50, F-50: nados en 1975 ou anteriores.
- M-60, F-60: nados en 1965 ou anteriores.
- Absoluta parellas: 2 deportistas de calquera idade e xénero.
- E-bike: de calquera idade e xénero.

CATEGORÍAS NON COMPETITIVAS:

- Promoción: individual, de calquera idade e xénero.

Calquera idade, individual e orientada a ciclistas onde prima a parte física e non a parte técnica de orientación.

Percorridos de orientación moi sinxelos pero fisicamente esixente.

- Iniciación equipos: equipos de 2 a 5 persoas, de calquera idade e xénero.



PREMIOS

Tras a finalización das dúas probas realizarase a entrega de trofeos, con dúas entregas previstas.

19:00: Entrega de trofeos

- **TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE 2025**
- **CAMPIONATO MTBO SPRINT XUNTA DE GALICIA 2025.**

Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados nas categorías oficiais, tanto no Campionato Xunta de Galicia de MTBO Sprint, como no Trofeo MTBO Val de Esmelle.

TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE 2025.

Para determinar a clasificación do trofeo, calcularase a media aritmética da suma dos puntos obtidos na carreira longa e os obtidos na carreira sprint, aplicando a seguinte fórmula:

$$Puntos = \frac{\left(\frac{Tempo\ gañador\ na\ Longa}{Meu\ tempo\ na\ Longa} \times 100\right) + \left(\frac{Tempo\ gañador\ no\ Sprint}{Meu\ tempo\ no\ Sprint} \times 100\right)}{2}$$



CRONOMETRAXE

Para a cronometraxe das dúas probas empregarase o sistema electrónico Sportident con estacións SOLO AIR (BS11-BS, con picada a <180 cm), para as que será necesaria una pinza SIAC AIR. Estarán dispoñibles pinzas de aluguer para os que o necesiten.

Cronometraxe SportIdent AIR+: estacións SOLO AIR e pinzas SIAC

Non é posible facer picada manual (sen AIR), só se admitirá a picada no mapa mediante pinza tradicional no caso de fallo da estación SportIdent.

É responsabilidade do participante comprobar o estado da batería da SIAC para evitar a falla durante a carreira. Se a SIAC quedase sen batería, o corredor terá erro na tarxeta. No caso de dúbidas co estado da batería, contactar coa organización para substituír a SIAC.

Os resultados da proba poderanse consultar no seguinte enlace:

<https://liveresultat.orientering.se/?lang=en>

A clasificación publicarase na páxina web da FEGADO, no apartado EVENTOS, xunto co resto de información da proba.

PECHE CARRREIRA: Establécese un tempo máximo de carreira de 150 minutos para todas as categorías. Tras pasar 150 minutos despois da última saída, a organización comezará a retirada de balizas e recollida de material usado para a configuración dos recorridos da proba.

As reclamacións poderán presentarse persoalmente ata 30 minutos despois da chegada do último corredor.



MAPA E TRAZADOS

DATOS DO MAPA:

Rexistro FEDO (Pendente)

Escala: 1:15.000

Equidistancia: 10 m

Tamaño: DIN A3 para a MTBO Larga, DIN A4 para a MTBO Sprint

Cartografía: Antonio López Peiteado (última revisión en maio 2025)

Trazados: Antonio López Peiteado

PERCORRIDOS:

TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE - MTBO LARGA				
PERCORRIDO	CATEGORÍA	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS
R1	ELITE	27,8 km	760 m	19
R2	FE, M21, M40, EBIKE	25,7 km	735 m	17
R3	F21, M20, AB. PAR, PROMO	21,8 km	585 m	15
R4	F20, F40, M50	19,8 km	525 m	13
R5	F50, M17, M60	18,0 km	395 m	12
R6	F17, F60, M15	15,7 km	360 m	11
R7	F15, INI EQUIPOS	14,1 km	375 m	11

TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE - MTBO SPRINT				
PERCORRIDO	CATEGORÍA	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS
R1	ELITE	10,0 km	90 m	13
R2	FE, M21, M40, EBIKE	8,6 km	100 m	11
R3	F21, M20, AB. PAR, PROMO	8,6 km	90 m	10
R4	F20, F40, M50	7,5 km	75 m	9
R5	F50, M17, M60	7,3 km	80 m	9
R6	F17, F60, M15	6,6 km	55 m	9
R7	F15, INI EQUIPOS	6,0 km	40 m	9


INFORMACIÓN DO TERREO:

A carreira longa desenvólvese unha parte en área semiurbana, o Val de Esmelle, de suave desnivel, onde se alternan pistas de asfalto con as de grava, case todas cunha superficie que permite altas velocidades. O resto do percorrido discorre por unha ladeira de monte, con desnivel moderado, onde predominan as pistas de grava e os camiños de terra. As categorías superiores atoparanse con camiños bastante técnicos, con rochas soltas e fortes desniveles. Nesta zoa será fundamental avaliar a pendente e a ciclabilidade para escoller a ruta máis rápida entre controis.

Dependendo do percorrido escollido, e posible pasar por un camiño onde estanse a realizar tarefas de reparación dun valado. Pode haber rolos de valado interrompendo o paso. Aínda que son facilmente superables, se representan no mapa con o símbolo 843



obxecto perigoso transversal.



Parte do percorrido discorre por unha antiga zona militar. Aínda que na actualidade xa está cedida e se autoriza o paso por ela, é posible atoparse con carteis abandonados advertindo da prohibición de paso. Podedes ignorar a advertencia, as zonas nas que actualmente está prohibido o paso están convenientemente indicadas no mapa co símbolo 709 área prohibida o 711 ruta prohibida:



A carreira sprint desenvólvese integramente nunha área semiurbana, con suave desnivel e pistas de asfalto e grava de boa ciclabilidade. Isto contribuirá a acadar altas velocidades, requirindo de unha rápida toma de decisións, segundo o que é típico dun sprint.

Ámbalas dúas carreiras discorren en parte por vías con tráfico, no só nas vías de asfalto, se non tamén nas de grava, onde é fácil atoparse con coches, motos, ciclistas, camiñantes, etc. Tentade ir sempre polo lado dereito da vía.

¡MOITA PRECAUCIÓN, SOBRE TODO NOS CRUCES E CURVAS CEGAS!

PRESAÍDAS:

En ambas carreiras farase un chamamento de **presaída 8 minutos** antes da hora de saída oficial. Na carreira longa teredes 1,1 km dende a presaída ata a saída; na carreira sprint serán 750 m.



REGLAMENTO

A proba estará regulada pola normativa aplicable as carreiras de orientación en bicicleta, aprobada pola Federación Galega de Orientación (FEGADO) e a Federación Española de Orientación (FEDO).

A normativa de referencia pódese consultar nas respectivas páxinas web:

https://fegado.es/web/uploads/documents/file/e3d/678976776e-rev01-normas-anuais-fegado-mtbo-2025_v0.pdf

https://fegado.es/web/uploads/documents/file/900/65bde5d785-reglamento-fegado-orientacion_2024_v0a.pdf

<https://www.fedo.org/web/ficheros/competicion/o-bm/reglamentos/2025/2025-Reglamento-FEDO-MTBO.pdf>



INSCRICIÓNS

As inscricións pódense formalizar a través da plataforma **intranet** de **FEGADO**, inscribíndose en cada unha das carreiras por separado:

MTBO LONGA: <https://fegado.es/events/view/wos3wijej00s/>

MTBO SPRINT: <https://fegado.es/events/view/2fsdte3zf6k/>

O prazo para a inscrición neste evento rematará o domingo 1 de xuño as 23:50.

PREZOS POR CARREIRA:

Categorías Oficiais:

- M/F 20 e menores: **7€**
- Resto de categorías: **10€**

Categorías NON Competitivas:

- Tódalas categorías: **10€**

Outros prezos:

- Licenza de un día: **3€**
- Aluguer de SportIdent: **3€**
- Modificación SportIdent unha vez pechadas as inscricións: **2€**
- Modificación SportIdent o día da proba: **5€**
- Perda da tarxeta S.I. leva ou pago de **30 €** (a cargo do competidor)
- Reposición de dorsal (provisional para o evento): **3€**
- Inscricións fora de prazo: Recargo do **100%** da cota correspondente

Os clubs serán os responsables do pagamento das inscricións dos seus socios.

Realizarán un único ingreso bancario co importe total con os seguintes datos:

Conta: **ES63 2080 0036 6030 4002 0466**

Titular: **Gallaecia Raid G-15976558**

Concepto: **MTBO VAL DE ESMELLE + o nome do club**



FACTURAS:

As solicitudes de factura se farán a través do seguinte formulario:

<https://form.jotform.com/222923568456364>

INSCRIPCIONS DE NON FEDERADOS:

Os corredores NON federados deberán de inscribirse a través de un club FEGADO ou facer a súa inscrición a través do club organizador, para que rexistre a súa petición.

Para realizar a solicitude de inscrición de NON FEDERADO e obrigatorio facelo por medio deste cuestionario:

<https://form.jotform.com/250256023715348>

CONFIRMACIÓN DE INSCRIPCION E CAMBIOS:

As inscricións non se considerarán formalizadas ata a realización do ingreso bancario, o cal se acreditará enviando unha copia do xustificante da transferencia á dirección de correo electrónico secretaria@gallaeciaraid.org.

Toda modificación o cambio posterior ao peche das inscricións ou consulta relacionada cas mesmas se pedirá o club organizador escribindo a o correo electrónico secretaria@gallaeciaraid.org.



ORGANIZACIÓN

Club organizador: **Gallaecia Raid**
Dirección de Carreira: **Claudia Oreiro Chapela**
Director Técnico: **Antonio López Peiteado**
Xefe de Seguridade: **Fernando Silvarrey Redondo**
Xuíz Controlador: **Alberto Tabernero Reboredo**
Xuíz Cronometrador: **Claudia Oreiro Chapela**

Datos de contacto: secretaria@gallaeciaraid.org



MEDIO AMBIENTE

Dentro do noso compromiso co medio ambiente, o Club acordou adoptar una serie de medidas dentro do área de competición, dende o punto de vista ecolóxico.

Por iso, non realizaremos marcas nin sinais identificativas permanentes para a proba. Tan só poderían estar marcados como información e seguridade (mediante cinta de balizado) tránsitos curtos dende a saída (cintas reutilizadas de carreiras previas).

Empregaremos pancartas da zona de saída, reutilizadas de carreiras previas. Tamén procederemos á retirada de todo tipo de sinalizacións instalada o mesmo día da proba e tras a finalización desta, así como á eliminación de todos os residuos eventualmente xerados.

Nos puntos de concentración como a Secretaría, colocaranse diferentes contedores para a selección de residuos, polo que rogamos a colaboración de tódolos corredores no proceso de reciclaxe.

Rogamos a todos os participantes compartir coche para achegarse ao evento, co obxectivo de reducir a emisión de CO₂.

Para o avituallamento líquido dispoñeráse de garrafas de auga, e os participantes deberán aportar o seu propio vaso reutilizable para o seu uso. Non se utilizarán vasos de plástico nin reciclados. O avituallamento sólido será fruta ou comida sen empacado e colocada en recipientes reutilizables.

Os resultados da proba comunicaranse de forma online para eliminar a utilización de papel agás sexa indicado o contrario polo xuíz de cronometraxe o día do evento.



COLABORACIÓN E PATROCINADORES

ORGANIZA



GALLAECIA RAID

COLABORADORES

